

A celebración das Letras Galegas é unha boa ocasión para achegármonos ás manifestacións culturais na nosa lingua, á literatura, ao cinema, á música..., en definitiva a formas de expresión nas que participar como receptores e tamén como creadores, que nos convidan a experimentar, a usar o galego, a reforzar a estima polo que nos é propio.

Desde a Concellaría de Normalización Lingüística do Concello de Santiago, con este motivo, convocamos varias actividades para o tempo de lecer que nos converterán en protagonistas e autores para coñecer, crear e compartir as nosas historias.

A participación é aberta e de balde. En cada unha delas indícanse os lugares e horas das citas así como as idades idóneas. Para inscribirse ou para máis información:


Departamento de Lingua Galega

Concello de Santiago de Compostela

Tfno.: 981 54 24 09

dlg@santiagodecompostela.org

www.santiagodecompostela.org/lingua



A TEA DE ARAÑA QUE TODO O APAÑA

[Convertémonos nos personaxes dun conto (grilos, bolboretas, abellóns...) e imaxinamos como era a vida deses animais antes de atopárense coa trampa da arañeira para crear unha historia de todo o grupo e plasmala nunha banda deseñada.]

Nenos e nenas entre 3 e 6 anos.

19 de maio. 18.00 h. Local Sociocultural de Figueiras.

22 de maio. 18.00 h. Local Sociocultural de Marantes.

24 de maio. 18.45 h. Centro Sociocultural das Fontiñas.

MARIO PENSA QUE O GALEGO NON SERVE PARA NADA

[Contamos un conto mentres se debuxa un mural ilustrativo e despois participamos nun obradoiro de debuxo sobre a base do conto e do mural.]

Nenos e nenas entre 6 e 12 anos.

05 de maio. 18.00 h. Centro Sociocultural da Trisca.

12 de maio. 18.00 h. Centro Sociocultural de Conxo.

30 de maio. 19.00 h. Centro Sociocultural de Vite.

O CONTO VIAXEIRO

[Participamos na elaboración colectiva dun conto ilustrado guiados por un escritor e un ilustrador. Cada sesión terá un desenvolvemento independente e incluírá un contacontos propio.]

Nenos e nenas entre 5 e 12 anos.

11 de maio. 18.00 h. Local Sociocultural de Busto.

23 de maio. 18.00 h. Local Sociocultural do Eixo.

24 de maio. 18.00 h. Local Sociocultural da Peregrina.

26 de maio. 11.00 h. Local Sociocultural de Nemenzo.

26 de maio. 18.00 h. Local Sociocultural de Villestro.

31 de maio. 18.00 h. Local Sociocultural de Laraño.

01 de xuño. 18.30 h. Local Sociocultural da Gracia.

02 de xuño. 12.00 h. Local Sociocultural de Figueiras.

08 de xuño. 18.00 h. Centro Sociocultural de Conxo.

09 de xuño. 18.00 h. Local Sociocultural de Marrozos.

GALEGO DE CINE (actividade promovida pola Rede de Dinamización Lingüística)

FACEMOS UNHA PELÍCULA:

[Achegámonos á linguaxe audiovisual a través de películas en galego e cun taller que rematará coa creación dun conto orixinal e a súa gravación en vídeo]

Inscripción previa (20 prazas) no Departamento de Lingua Galega

(dlg@santiagodecompostela.org / Tfno.: 981 54 24 09)

IMOS AO CINE:

[Proxeccións de cine en galego dentro dunha caravana. Simultáneas ao desenvolvemento do obradoiro anterior e abertas sen inscrición previa]

Nenos e nenas entre 6 e 12 anos.

6 de maio 17.00 a 20.00 h e 27 de maio 11.00 a 14.00 h. Praza do Toural.

ATOPANDO COMPOSTELA

[Unha cita para participar nun xogo de pistas e coñecérmonos un pouco mellor]

A partir de 12 anos.

05 de maio. 18.00 h. Praza de Cervantes.

12 de maio. 18.00 h. Praza da igrexa de San Pedro.

TÍTEREHOP (actividade promovida pola Rede de Dinamización Lingüística)

[Para saber algo máis do hip-hop e da súa historia, aprender a facer rimas e crear as nosa propias letras, coas que gravaremos un videoclip valéndonos de monicreques]

A partir de 12 anos.

26 de maio. 11.00 h. e 26 de maio. 18.00 h. Praza Roxa/Centro Sociocultural do Ensanche.